




VIGO



SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO

Marta Fernández-Tapias Nuñez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo

EXPÓN

1. Que o día 7 de novembro de 2023, A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, aprobou en sesión extraordinaria e urxente o Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2024. Expediente 80/142.
2. Que se deu traslado aos grupos municipais dunha copia do mencionado expediente acordándose abrir un prazo de emendas ata o día 16 de novembro de 2023.
3. De conformidade cos artigos 81 e seguintes, do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello, formula a seguinte

EMENDA

ÚNICA.- Á TOTALIDADE DO PROXECTO

Mediante o presente escrito e segundo o previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno preséntase unha emenda á totalidade do proxecto solicitando a devolución, á Xunta de Goberno Local, polos motivos que se establecen de seguido.

Preséntase, tramitado fora dos prazos establecidos no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, un proxecto de orzamentos por importe de 311.230.875,66 euros, vendidos ata a sociedade coma uns orzamentos que crecen un 7,69% sobre o orzamento do ano 2023.

Pois ben, esta comparación faise sobre os créditos iniciais do ano 2023 e a realidade é que a comparación dos orzamentos debería ter en conta os créditos definitivos. Ter en conta as modificacións orzamentarias que se fixeron ao longo do ano 2023. E por qué? Pois porque é moito máis razoable ter en conta a estrutura actual do persoal e os contratos asinados recentemente. ¡É a realidade máis próxima a que hai que orzar!.

Nese caso, os números son moi diferentes.

O orzamento do ano 2024 diminúe nun -22,11% respecto ao do ano 2023.

GASTO	2024	2023 Créditos Iniciais	Dif.	%
OPERACIONES CORRIENTES	273.741.167,35	259.973.768,45	13.767.398,90	5,30%
CAPÍTULO 1 Gastos de Personal	76.830.624,27	74.325.614,94	2.505.009,33	3,37%
CAPÍTULO 2 Gastos corrientes en bienes y servicios	157.201.477,42	150.356.305,42	6.845.172,00	4,55%
CAPÍTULO 3 Gastos Financieros	50.530,00	55.530,00	-5.000,00	-9,00%
CAPÍTULO 4 Transferencias Corrientes	39.058.535,66	34.636.318,09	4.422.217,57	12,77%
CAPÍTULO 5 Fondo de contingencia	600.000,00	600.000,00	0,00	0,00%
OPERACIONES DE CAPITAL	36.989.708,31	28.530.283,12	8.459.425,19	29,65%
CAPÍTULO 6 Inversiones Reales	36.049.858,26	27.860.839,12	8.189.019,14	29,39%
CAPÍTULO 7 Transferencias de Capital	939.850,05	669.444,00	270.406,05	40,39%
OPERACIONES FINANCIERAS	500.000,00	500.000,00	0,00	0,00%
CAPÍTULO 8 Activos Financieros	500.000,00	500.000,00	0,00	0,00%
CAPÍTULO 9 Pasivos Financieros	0,00	0,00	0,00	0,00%
	311.230.875,66	289.004.051,57	22.226.824,09	7,69%

GASTO	2024	2023 Créditos definitivos	Dif.	%
OPERACIONES CORRIENTES	273.741.167,35	287.895.442,91	-14.154.275,56	-4,92%
CAPÍTULO 1 Gastos de Personal	76.830.624,27	74.964.199,70	1.866.424,57	2,49%
CAPÍTULO 2 Gastos corrientes en bienes y servicios	157.201.477,42	164.404.511,05	-7.203.033,63	-4,38%
CAPÍTULO 3 Gastos Financieros	50.530,00	55.530,00	-5.000,00	-9,00%
CAPÍTULO 4 Transferencias Corrientes	39.058.535,66	47.871.202,16	-8.812.666,50	-18,41%
CAPÍTULO 5 Fondo de contingencia	600.000,00	600.000,00	0,00	0,00%
OPERACIONES DE CAPITAL	36.989.708,31	111.164.356,71	-74.174.648,40	-66,73%
CAPÍTULO 6 Inversiones Reales	36.049.858,26	110.510.268,46	-74.460.410,20	-67,38%
CAPÍTULO 7 Transferencias de Capital	939.850,05	654.088,25	285.761,80	43,69%
OPERACIONES FINANCIERAS	500.000,00	500.000,00	0,00	0,00%
CAPÍTULO 8 Activos Financieros	500.000,00	500.000,00	0,00	0,00%
CAPÍTULO 9 Pasivos Financieros	0,00	0,00	0,00	0,00%
	311.230.875,66	399.559.799,62	-88.328.923,96	-22,11%



A diferenza entre un escenario e outro (créditos definitivos e créditos iniciais), nos capítulos 1 (gastos de persoal), 2 (gastos correntes en bens e servizos) e 6 (investimentos) é dunha infradotación orzamentaria, para o ano 2024, de 97 millóns de euros.

GASTO		2023 Créditos definitivos	2023 Créditos Iniciais	Dif.	%
OPERACIONES CORRIENTES		287.895.442,91	259.973.768,45	27.921.674,46	10,74%
CAPÍTULO 1	Gastos de Personal	74.964.199,70	74.325.614,94	638.584,76	0,86% (A)
CAPÍTULO 2	Gastos corrientes en bienes y servicios	164.404.511,05	150.356.305,42	14.048.205,63	9,34% (A)
CAPÍTULO 3	Gastos Financieros	55.530,00	55.530,00	0,00	0,00%
CAPÍTULO 4	Transferencias Corrientes	47.871.202,16	34.636.318,09	13.234.884,07	38,21%
CAPÍTULO 5	Fondo de contingencia	600.000,00	600.000,00	0,00	0,00%
OPERACIONES DE CAPITAL		111.164.366,71	28.530.283,12	82.634.073,59	289,64%
CAPÍTULO 6	Inversiones Reales	110.510.268,46	27.860.839,12	82.649.429,34	296,65% (A)
CAPÍTULO 7	Transferencias de Capital	654.088,25	669.444,00	-15.355,75	-2,29%
OPERACIONES FINANCIERAS		500.000,00	500.000,00	0,00	0,00%
CAPÍTULO 8	Activos Financieros	500.000,00	500.000,00	0,00	0,00%
CAPÍTULO 9	Pasivos Financieros	0,00	0,00	0,00	0,00%
		399.559.799,62	289.004.051,57	110.555.748,05	38,25%

Suma(A)= 97.396.219,73

Sobre este orzamento, que insistimos en que diminúa nun -22,11% respecto ao do ano 2023, hai que dicir que as súas variacións do **gastos** non se poden xustificar segundo algunhas das bases de execución do orzamento xeral do ano 2024. Expediente 80/142.

Así:

Capítulo 1 (gastos de persoal): cun incremento do +2,49% e non cun incremento do 3,37%

Indícase que as retribucións terán un incremento do 2% e unha revisión adicional do 0,5%, no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período. É dicir, un 2,5% que xa supera a variación do +2,49%.

Ademais se indica que a revisión das bases de cotización da Seguridade Social a cargo do empregador revisarase ao 2%. É necesario aclarar que a revisión do 2% das bases de cotización da Seguridade Social non pode ser lineal, porque moitos dos contratos están na base máxima de cotización.

E supoñendo que fose un incremento lineal do +2% pola revisión das bases de cotización da seguridade social, se lle engadimos o +2,5 % de revisión salarial, a variación debería ser do 4,5% e non do 2,49%.

Doutra banda, cómpre destacar que se algunha das bases de execución contravén algunha disposición normativa de aplicación, automaticamente será inaplicable e este é o caso das previsións contidas na base 34ª, relativa aos expedientes de "encomendas de funcións e acumulación de tarefas". Non se axustan á normativa aplicable aos citados procedementos e debería procederse á súa supresión.

O concello debe apostar pola estabilidade do seu persoal e evitar a situación de precariedade laboral.

Capítulo 2 (gastos en bens correntes e servizos): cunha diminución do -4,38% e non cun incremento do 4,55%

Non está contemplado o servizo de mantemento do HALO (base 16ª) e con todo se contempla os servizos dos monitores da piscina de Teis que non está operativa (base 12ª).

Capítulo 3 (transferencias correntes): cunha diminución do -18,41% e non cun incremento do 12,77%

Non está acordado o importe que vai financiar o Concello do incremento do convenio provincial do sector do transporte de viaxeiros.

Capítulo 6 (investimentos reais): cunha diminución do -67,38% e non cun incremento do 29,39%

Non se contempla a partida prevista para a reforma da grada de gol, no estadio municipal de Balaídos (base 16ª).

Hai que sinalar o continuísmo dunhas contas que volven rescatar proxectos doutros exercicios e que acumulan anos de espera sen executar como é o caso da Avenida de Madrid ou as pistas de atletismo de Balaídos.



Respecto aos **ingresos** orzamentarios cómpre indicar que non ten en conta a realidade económica actual e a necesidade de liberar a presión fiscal sobre as familias.

INGRESOS	INGRESOS			
	2024	2023 Créditos Iniciais	Dif.	%
CAPÍTULO 1 IMPUESTOS DIRECTOS	117.410.785,66	112.173.330,00	5.237.455,66	4,67%
CAPÍTULO 2 IMPUESTOS INDIRECTOS	10.922.786,87	10.615.870,00	306.916,87	2,89%
CAPÍTULO 3 TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	42.799.307,02	40.833.990,47	1.965.316,55	4,81%
CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRIENTES	123.856.742,57	104.360.232,81	19.496.509,76	18,68%
CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIALES	5.404.000,00	2.935.252,62	2.468.747,38	84,11%
CAPÍTULO 6 ENAJENACIÓN DE INVERSIONES REALES	0,00	0,00	0,00	0,00%
CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	10.337.253,54	17.585.375,67	-7.248.122,13	-41,22%
CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCIEROS	500.000,00	500.000,00	0,00	0,00%
	311.230.875,66	289.004.051,57	22.226.824,09	7,69%

INGRESOS	INGRESOS			
	2024	2023 Créditos definitivos	Dif.	%
CAPÍTULO 1 IMPUESTOS DIRECTOS	117.410.785,66	112.173.330,00	5.237.455,66	4,67%
CAPÍTULO 2 IMPUESTOS INDIRECTOS	10.922.786,87	10.615.870,00	306.916,87	2,89%
CAPÍTULO 3 TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	42.799.307,02	40.933.990,47	1.865.316,55	4,56%
CAPÍTULO 4 TRANSFERENCIAS CORRIENTES	123.856.742,57	107.387.768,55	16.468.974,02	15,34%
CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIALES	5.404.000,00	2.935.252,62	2.468.747,38	84,11%
CAPÍTULO 6 ENAJENACIÓN DE INVERSIONES REALES	0,00	0,00	0,00	0,00%
CAPÍTULO 7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	10.337.253,54	20.505.959,81	-10.168.706,27	-49,59%
CAPÍTULO 8 ACTIVOS FINANCIEROS	500.000,00	105.007.628,17	-104.507.628,17	-99,52%
	311.230.875,66	399.559.799,62	-88.328.923,96	-22,11%

Adoptar unhas medidas correctas na tramitación dos impostos municipais, favorece o crecemento económico, o investimento e a creación de emprego. É o que se coñece como competitividade fiscal. Adoptar unhas medidas equivocadas, produce o efecto contrario.

Pois ben, estes orzamentos sitúan a Vigo na cola da competitividade fiscal de Galicia, e non favorecen o crecemento económico, non atraen investimentos e non xeran emprego.

No **capítulo 1**, no importe dos impostos directos que se presentan nestes orzamentos, o IBI representa unha recadación de 75 millóns de euros. Segundo datos do Ministerio de Facenda e Función Pública, do ano 2022, Vigo ocupa a posición décimo segunda da clasificación dos municipios de España que presentaron maior presión fiscal no IBI e aparece como un dos municipios con maiores subidas en IBI Urbano, entre os anos 2019 e 2022.

Tamén no capítulo 1, en relación co imposto de actividades económicas (14 millóns de euros), hai que sinalar que a subida no orzamento non coincide co importe de subida que se reflectiu na tramitación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do devandito imposto.

Nese mesmo capítulo, tampouco coincide a subida orzamentaria do IIVTNU coa reflectida na tramitación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do devandito imposto.

No **capítulo 4**, o FCF contén unha previsión de crecemento do 2%, sen dispoñer de información certa, mentres que a participación nos ingresos da comunidade autónoma manteñen as contías de 2023. Isto suporía a correspondente modificación orzamentaria global de non concretarse nestes termos.

Non se contempla a cofinanciación da Deputación de Pontevedra para a reforma da grada de gol, no estadio municipal de Balaídos, por importe de 2,5 millóns de euros nin a do Marisquiño.

E, finalmente, solicitamos a revisión e a inclusión de proxectos que consignamos no presente escrito:

1.- Incrementar o gasto social ata os 30 millóns de euros de xeito que se cumpra coa recomendación do gasto mínimo de 100 euros/persoa a través, entre outros, dun incremento superior ao IPC das axudas destinadas a comedores sociais.

2.- Creación da Oficina Municipal de Vivenda para que unha vez aprobado o PXOM o concello multiplique a súa aposta pola vivenda social en compra ou alugueiro alén dos 27 pisos previstos en Esturáns.

3.- Posta en marcha dun Plan de vivendas sen barreiras, con axudas para particulares e comunidades de veciños para a realización de melloras de accesibilidade nas súas vivendas.

4.- Aumentar a partida prevista para a reforma da grada de gol, no estadio municipal de Balaídos, ata chegar ao mesmo que dedica a Deputación de Pontevedra nos seus orzamento para o vindeiro ano, 2,5 millóns de euros.

- 5.- Mellora dos accesos ao recinto feiral do IFEVI a través das vías de titularidade municipal.
- 6.- Partida para o desenvolvemento dun roteiro verde que conectará e vertebrará toda a cidade con 45 quilómetros de senda que enlazaría nun trazado circular todo o borde litoral entre Teis e Samil.
- 7.- Partida para o desenvolvemento do Bulevar Ría de Vigo que supoña un novo pulmón verde no casco urbano que se estenderá dende Praza de Compostela ata toda a fronte litoral.
- 8.- Partida para desenvolver Bouzas Litoral que contempla peonalizar a zona dende a pérgola ata o Liceo Marítimo liberando o tráfico a través de un túnel soterrado.
- 9.- Plan de barrios y parroquias para a mellora das dotacións sociais e culturais do rural vigués así como as infraestruturas viarias e alumeado.
- 10.- Partida para o desenvolvemento da conexión prometida, anunciada e nunca executada entre Navia e A Bouza.
- 11.- Axudas para que as entidades sociais poidan acometer obras de reforma nos seus centros e melloras nos seus servizos.
- 12.- Incrementar a partida para a obra da piscina de Teis de forma que se acorten os prazos e poida estar executada ao longo do próximo 2024 e non no 2027 como ten previsto o concello.
- 13.- Aumentar a partida destinada á renovación das pistas de atletismo (300.000 euros) que é a mesma do año pasado.
- 14.- Partida para un campo de béisbol na cidade, igualmente prometido e anunciado.
- 15.- Partida para o estudio de oportunidade e localización do Vigo Arena, do que tampouco figura partida algunha.
- 16.- Reconversión de todas as salas de lectura en bibliotecas municipais á imaxe e semellanza da Neira Vilas.
- 17.- Partida para a reconversión do museo Verbum no centro galego de fotografía.

18.- Desenvolvemento do prometido parque da Finca Matías do que non consta ningunha partida orzamentaria.

19.- Axudas para que os propietarios de fincas privadas poidan acometer a reforestación na súas parcelas con especies pirófitas contribuíndo así a previr incendios forestais.

20.- Partida para a reconversión de Vigozoo nun parque interpretación da natureza.


21.- Bono comercio local como axuda ao pequeno e mediano comercio de Vigo.

22.- Partida para a creación de un evento cultural de primeiro nivel que sitúe de novo a Vigo no mapa español y lle faga subir postos na clasificación do Observatorio Estatal de la Cultura.

23.- Partida para estender o programa PILI aos estudantes da Escola Oficial de idiomas.

Por todo o exposto, pedimos a devolución do Proxecto á Xunta de Goberno Local.

Vigo, 16 de novembro de 2023.



Marta Fernández Tapias Núñez
Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular